



1.- III Fase Nacional da Incubadora

A *Sociedad de Estadística e Investigación Operativa* (SEIO) convoca a **III Fase Nacional dos concursos tipo "Incubadora de Sondeos y Experimentos"**, que está organizada pola SGAPEIO e terá lugar en Santiago de Compostela os días 3 e 4 de xullo de 2013.

O programa das xornadas inclúe un acto de presentación do *Ano Internacional da Estatística*.

Máis información na web da SGAPEIO: www.sgapeio.es

2.- Palabrarío estatístico de educaBarrié

Os dous termos estatísticos que se engadiron ao **Palabrarío** de educaBarrié nesta semana son:

- *Estatística pública*, definido por Carlos L. Iglesias Patiño.
- *Teoría de colas*, definido por Silvia Lorenzo Freire.

Páxina web: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrarío>

3.- Billete conmemorativo do Ano Internacional da Estatística

Con motivo do *Ano Internacional da Estatística*, e a fin de concienciar á sociedade da importancia da Estatística e da súa omnipresencia en tódolos aspectos do coñecemento, a *Sociedad de Estadística e Investigación Operativa* (SEIO) chegou a un acordo coa *Sociedad Estatal Loterías* (Selae) para emitir un billete de Lotería Nacional conmemorativo deste evento. O sorteo terá lugar o día 25 de maio de 2013.

4.- I Encontros de Educación Matemática para Infantil e Primaria

Os **I Encontros de Educación Matemática para Infantil e Primaria de AGAPEMA** celebraranse o sábado 28 de setembro de 2013 na Facultade de Ciencias da Educación, no Campus Sur da USC.

A inscrición será de balde para todos os/as asistentes, contando cunha homologación de 8 horas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Máis información: <http://www.agapema.org/?q=node/230>

5.- Premio en Estadística Oficial 2013

O Instituto Nacional de Estadística convoca o **Premio en Estadística Oficial 2013** "Premios iNE, Eduardo García España" (BOE de 2 de maio de 2013) en colaboración coa *Sociedad de Estadística e Investigación Operativa* (SEIO) no marco do *Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa* e as *Jornadas de Estadística Pública* que se celebrarán conxuntamente dentro das actividades da SEIO.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/02/pdfs/BOE-A-2013-4648.pdf>

6.- XI Concurso STUDENT de Estadística Aplicada

O Servei d'Estadística Aplicada da Universitat Autònoma de Barcelona convoca a XI edición do **Concurso STUDENT de Estadística Aplicada**.

Poderán optar ao concurso tódolos estudantes de primeiro e segundo ciclo (diplomatura, licenciatura ou enxeñería), estudantes de grao ou de máster que estean matriculados este curso académico 2012-13 en calquera universidade do Estado Español. Os aspirantes deberán afrontar a análise dun conxunto de datos, enmarcado nun problema real, para o que terán que propoñer unha solución. O contido do traballo deberá ser inédito e de temática libre.

Outorgaranse tres premios:

- **Premio Idescat** ao mellor traballo de máster: dotación económica de 500 €.
- **Premio SEA** ao mellor traballo de grao: dotación económica de 500 €.
- **Premio Almirall** ao mellor traballo en bioestadística: dotación económica de 500 €.

Data límite para enviar os traballos: 10 de setembro de 2013.

Máis información: <http://goo.gl/cbnw4>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>